

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e un minuto do día vinte e cinco de outubro do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 18 de outubro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 18 de outubro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 8 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se publican os órganos xestores das reservas da biosfera de Galicia beneficiarios das subvencións concedidas en virtude da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións

por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724C). DOG núm. 200, do 20-10-2022.

- Decreto 172/2022, do 6 de outubro, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas. DOG núm. 200, do 20-10-2022.

- Lei 3/2022, do 18 de outubro, da Presidencia da Xunta de Galicia, de áreas empresarias de Galicia. DOG núm. 201, do 21-10-2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 14 de outubro ao 20 de outubro do 2022, que comezan coa Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 1754/2022 e rematan coa Resolución da Alcaldía núm. 1799/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
1754/2022	14-10-2022	Desestimación de alegacións e imposición de sancións por infracción da Ordenanza de protección de camiños públicos, por actuación en Andeiro – Responsable: Norgal Forestal, S.L.
1755/2022	14-10-2022	Concesión de licenza de vao laboral a J.M.L. para acceso a oficina e almacén situados no Paseo Marítimo – O Temple (Cambre)
1756/2022	14-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de outubro de 2022
1757/2022	17-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de outubro de 2022
1758/2022	14-10-2022	Concesión de licenza de vao permanente a M.A.L.S. para acceso a vivenda unifamiliar situada en Cambre
1759/2022	14-10-2022	Arquivo do expediente 2017/I002/000021, incoado a S.C.L., pola realización de obras realizadas en local de Anxel Fole, ao quedar regularizadas mediante expediente de comunicación previa
1760/2022	17-10-2022	Desestimación de alegacións e orde de demolición de obras realizadas en finca sita nas Gamelas, Anceis, carecendo de título habilitante municipal, Titulares: E.M.F.C. e M.D.L.B.
1761/2022	17-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de gas a M.E.G. por importe de 160,92 euros
1762/2022	17-10-2022	Concesión axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a R.M.A.M. por importe de 290 euros.
1763/2022	17-10-2022	Concesión de licenza de vao permanente a A.P.S. para acceso a vivenda situada na Estrada Cambre-Temple
1764/2022	17-10-2022	Declaración da caducidade dos expedientes nº 07/81/05 e 15/34/05, incoados a Promociones Inmobiliarias Gelnés, S.L. pola construción duns muros de contención e ampliación de muro existente sen licenza,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		en rúa Zeppelin, polígono do Espírito Santo, Cecebre, sen que se poida iniciar un novo expediente pola realización das obras denunciadas, ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción
1765/2022	17-10-2022	Concesión axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro a S.V.G.J. por un importe total de 600 euros
1766/2022	17-10-2022	Concesión axuda de emerxencia social para recibos de luz a N.P.V.L. por un importe total de 525,22 euros
1767/2022	17-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibos de luz a M.J.B.B. por un importe total de 117,18 euros
1768/2022	17-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para lentes correctoras a M.C.Z.L. por importe de 60 euros
1769/2022	17-10-2022	Aprobación da relación de 11 altas e 4 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 no mes de outubro
1770/2022	18-10-2022	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención municipal ao contrato menor núm. 2022/C002/000112, relativo á contratación, como contrato menor, para adquisición de libros de distintas materias ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021 para actualización e mantemento das coleccións das bibliotecas municipais.
1771/2022	17-10-2022	Declaración da ineficacia da comunicación previa presentada por J.B.A. para executar unha acometida á rede pública de abastecemento de auga nunha finca sita no lugar do Drozo, parroquia de Anceis
1772/2022	17-10-2022	Declaración da caducidade do expediente nº 15/07/03, incoado a Campos y Ferreiro, pola construción dunha entreplanta de 40 m2 nunha nave sita no polígono do Espírito Santo, ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, ordenando o arquivo das actuacións practicadas
1773/2022	17-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón de habitantes – R.A.C.M.
1774/2022	17-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón de habitantes – M.S.G.S.
1775/2022	18-10-2022	Inicio de expediente de orde de execución a unha comunidade de propietarios da Travesía da Coutelana, O Temple, co fin de que proceda á reparación da fachada principal do edificio, dado o deficiente estado de seguridade e salubridade
1776/2022	18-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón de habitantes – C.Y.B.R.
1777/2022	19-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón de habitantes – Y.V.D.A.
1778/2022	19-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón de habitantes – J.M.B.B.
1779/2022	19-10-2022	Aprobación da liquidación do recargo do IVE da Axencia Tributaria do primeiro trimestre de 2021 por presentación fora de prazo, e aprobación do seu pagamento por importe de 133,81 euros,
1780/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.C.P.D. por un



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		período de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1781/2022	19-10-2022	Aprobación das bases reguladoras dos premios da Gala do Deporte 2022 do Concello de Cambre
1782/2022	19-10-2022	Resolución de nómina de produtividade do terceiro trimestre de 2022
1783/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.P.P.V. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1784/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.V.B.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1785/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.L.T.O. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1786/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a T.T.P. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1787/2022	19-10-2022	Aprobación da incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 número 30/2022 por importe de 20.494,60 euros financiada en 16.401,55 euros con compromiso de ingreso e en 4.093,05 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
1788/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.S.T.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1789/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a I.C.C.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1790/2022	19-10-2022	Suspensión inmediata dos actos que está a realizar M.N.S. en parcela sita en Sigrás de Abaixo, consistentes nun peche sen título habilitante e incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística
1791/2022	19-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación E.Y.R.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1792/2022	19-10-2022	Expediente sancionador – Declaración de infracción de carácter leve pola demolición parcial e demolicións interiores da edificación principal existente nunha parcela sita en Aián, Sigrás. Titular: N.C.F.
1793/2022	19-10-2022	Adxudicación do contrato menor núm. 2022/C002/000116 SUM cuxo obxecto é a adquisición de libros para o desenvolvemento do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-Cambre 2022-2023, a prol da empresa Librería Arenas, S.L., por un importe máximo de 2123,89 euros sen IVE, e 2208,85 euros con IVE incluído.
1794/2022	20-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 101.005,14 euros
1795/2022	20-10-2022	Resolución de inicio de expediente de orde de execución a J.G.C. e M.J.P.R., pola existencia dun acopio de madeira nunha parcela sita no lugar do Gaiteiro-Sigrás,

1796/2022	20-10-2022	Tramitación de multas - 99500000027137 Acordos de inicio
1797/2022	20-10-2022	Tramitación de multas - 99500000027136 Acordos de inicio – Conductor non identificado
1798/2022	20-10-2022	Aprobación da participación do Video Vivencias de Cambre nos Premios Mestre Mateo, e pagamento da inscrición.
1799/202	20-10-2022	Convalidación da delegación da presidencia da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade o día 20 de outubro de 2022

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Prórroga á anualidade 2023 do contrato para o "Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2022-23 e 2023-24)". Expediente 2022/C004/000004
- Aprobación do expediente de contratación da obra "Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema". Expediente 2022/C003/000014
- Aprobación do expediente de contratación da obra "Mellora e reparación dun tramo da rúa Luís Seoane, para tráfico compartido". Expediente 2022/C003/000016

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

4.A) PRÓRROGA Á ANUALIDADE 2023 DO CONTRATO PARA O "SERVIZO DE DESEÑO E IMPRESIÓN DE DOSSIER INFORMATIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA PARA DOUS EXERCICIOS MÁIS (2022-23 E 2023-24)". EXPEDIENTE 2022/C004/000004

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de outubro de 2022 (CVD: H6lf6egqP0OiOGors1+a), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que no expediente nº 2022/C004/000004, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día dez de maio de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o acordo que di:

"(...)

"Cuarto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 27 de abril de 2022, adxudicar o contrato de "Deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS-PROWEB III (2021-2022), con opción de prórroga para dous exercicios máis (2022-23 e 2023-

24)" (exp. 2022/C004/000004), a favor da empresa "Publprinters Global S.L.", no prezo total ofertado para un ano de contrato de 813,38 euros sen IVE (984,19 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación que consta na cláusula 12 do PCAP, prezo ofertado á baixa, e ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa; isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

(...)"

A cláusula 9 do PCAP (CVD: 7zL5iXaAv2gAJkonuazt) aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 15.03.2022, di:

"9. Plazo de duración del contrato y ejecución de la prestación.

De conformidad con lo establecido en artículo 29 de la LCSP, el plazo de duración del presente contrato será desde la fecha de aceptación por el contratista de la resolución de adjudicación (formalización del contrato) hasta el 31 de diciembre de 2022, pudiendo prorrogarse, anualmente, dos años más.

Se establece como fecha límite para la ejecución de la prestación pactada una antelación mínima de 10 días a la finalización real y efectiva del taller de empleo realizado. En el curso 2021-2022 su finalización está prevista para el día 14/07/2022 siendo, por tanto, la fecha límite prevista para la entrega el 4/07/2022.

Cada prórroga se acordará por el órgano de contratación, previo informe emitido por el responsable del contrato y fiscalización por la intervención municipal, y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato. En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes. Ello, de conformidad con lo establecido en los artículos 210.2 y 29.2 de la LCSP. El acuerdo de prórroga indicará la fecha prevista para la ejecución de la prestación.

En todo caso, las prórrogas quedarán condicionadas a la concesión de subvención por parte da Consellería de Empleo e Igualdade da Xunta de Galicia, para financiar los proyectos "Talleres de Empleo", durante los ejercicios 2022-23 y 2023-24".

Visto que pola responsable en funcións da Axencia de Desenvolvemento Local, dona Sonia Machín Herranz, emitíuse informe con data 14.10.2022 (CVD: oSvjQDwmosJpWjQ+sKz+) que di:

"(...)

Dado que a Xunta de Galicia aprobou ao concello de cambre unha subvención para executar un novo obradoiro de emprego no exercicio 2022-23. Poor resolución de data 29/07/2022, da xefa territorial da Coruña da Consellería de Empleo e Igualdade, apróbase ó Concello de Cambre unha subvención, por importe de 533.987,00 €, para executar un novo obradoiro dual de emprego, denominado "PROXEDIS-Cambre 2022-2023", e financiar os gastos de formación e funcionamento, con base na Orde do 21 de febreiro de 2022, DOG núm. 46 do 08/03/2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022). Entre os gastos de funcionamento atópase o deseño e a impresión do dossier informativo.

Tendo en conta que este novo proxecto de Obradoiro de Emprego iniciouse o día 1 de outubro de 2022, e que a data de finalización será o día 30 de setembro de 2023. Dende este departamento existe o interese de prorrogar o contrato para este novo obradoiro de emprego PROXEDIS-Cambre (2022-2023), coas mesmas características, prezo e prazo de entrega determinado no contrato adxudicado, que tal como establece o PPT no apdo terceiro: "(...). El producto tiene que estar entregado como fecha límite diez días antes de la finalización real y efectiva del Taller de Empleo (...)". A data límite para executar a primeira prórroga do contrato, e polo tanto entregar o dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-Cambre 2022-23, será o día 20 de setembro de 2023.

No departamento de Intervención existe crédito para este proxecto de Obradoiro de Emprego PROXEDIS-Cambre, e o dossier informativo irá financiado con cargo á partida orzamentaria: 24122199 Outros subministros Obradoiro Emprego.

Con base no anteriormente exposto, PROPONSE:

Primeiro: Prorrogar o contrato de “servizo de deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS-PROWEB III (2021-22),” para o Obradoiro de Emprego denominado “PROXEDIS-Cambre” do exercicio (2022-23), coas mesmas características e prezo adxudicado no exercicio 2021-2022:

(...)”.

Visto que con data 14.10.2022 emítense documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 22699, número de operación: 17/2022 - 220220006825 (Otros gastos diversos formación de empleo).

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 20 de outubro de 2022 (CVD: WhPTbYqXixxfvYUPmfsn) e mailo informe emitido polo Interventor Municipal de data 23 de outubro de 2022 (CVD: 3zT7Gce2B6lkakyTQsp5).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar por un ano, ata o 31 de decembro de 2023, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa empresa **Publprinters Global, S.L.** con NIF B23739493, e domicilio social en rúa Carpinteros, polígono industrial La Fundición, parcela 1, 23740 Andujar (Jaen), para o “Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022” (Expediente TEDeC 2022/C004/000004).

Segundo: Notificalo presente acordo ao adxudicatario, ao responsable do contrato e máis á Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo á responsable do contrato e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de outubro de 2022 (CVD: H6lf6egqP0OiOGors1+a), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.B) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORMA DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE BREXO-LEMA”. EXPEDIENTE 2022/C003/000014

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de outubro de 2022 (CVD: NDU5dEXGRtzgHaHVdQA4), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 18.8.2022 asinouse polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado “Descrición técnica” para a obra de “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema”, cun orzamento base de licitación de 10.644,13 € sen IVE, 12.879,40 IVE incluído.

Con data 19.8.2022 emitíuse documento de retención de crédito pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 920 21200, por importe de 12.879,40 euros (Código para validación: QJP2A-1Z8AU-B8GWO).

A dita descrición técnica para a obra de “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema” aprobouse pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 23 de agosto de 2022.

Consta no expediente a acta de replanteo asinada polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 30.8.2022 (CVD: epstX+RcjyYSkSJGSq9).

Consta no expediente o informe de viabilidade urbanística (CVD: LQZCXxb2K7hHsEIQwJC) emitido con data 8.9.2022 polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, no que, entre outras cousas, sinala:

“(…)

En base a lo expuesto, y dado que los trabajos se realizarán sobre instalaciones ya existentes, de titularidad municipal, es por lo que no es preciso para su desarrollo la autorización de ninguna otra administración que no sea la municipal; por lo tanto, y desde el punto de vista urbanístico, se considera viable”.

Consta no expediente o informe técnico asinado pola arquitecta técnica municipal con data 14.10.2022 (CVD: fF+MN6Hd3cIEo6TbYE2C).

Consta no expediente a providencia, de data 21.10.2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Consta no expediente o informe proposta emitido pola secretaría e intervención municipais con data 24.10.2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias propias dos concellos en materia de equipamentos da súa titularidade, de acordo co art. 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000014, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema” e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD:TmgDdCpE//e6EQ3tE6ey), cun orzamento base de licitación de 10.644,13 € sen IVE, 12.879,40 IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 12.879,40 euros, por conta da aplicación orzamentaria 920 21200.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, e á arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López, integrantes da unidade técnica de asistencia prevista no cláusula 15.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de outubro de 2022 (CVD: NDu5dEXGRtzgHaHVdQA4), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.C) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA E REPARACIÓN DUN TRAMO DA RÚA LUÍS SEOANE, PARA TRÁFICO COMPARTIDO”. EXPEDIENTE 2022/C003/000016

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de outubro de 2022 (CVD: HdRKJXGFjxP6WRbJWV/x), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 19.8.2022 asinouse polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado “Memoria valorada” para a obra de “Mellora e reparación dun tramo da Rúa Luís Seoane, para tráfico

compartido”, cun orzamento base de licitación de 5.279,00 € sen IVE, 6.387,59 € IVE incluído (CVD: sVYdam32NqGmXxFva46E). O dito documento aprobouse pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 23 de agosto de 2022.

Consta no expediente o documento de retención de crédito emitido o 19.8.2022 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532 21000, por importe de 6.387,59 euros (Código para validación: 3EATO-WC8UK-5SHS7).

Consta no expediente a acta de replanteo (CVD: cofZhNfe7tWtZpnwd53M) asinada polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 30.08.2022.

Consta no expediente o informe (CVD: aZ5J6PECignX34IQv3ja) emitido con data do 8.9.2022 polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, no que, entre outras cousas, sinala:

“(…) En base a lo expuesto, y dado que la actuación prevista se realizará sobre un suelo de titularidad municipal, sin que se encuentre en una zona de afección de otra administración, es por lo que desde el punto de vista urbanístico, se considera viable”.

Consta no expediente o informe técnico (CVD: Tb//dMVSgtGWzZYLVeJL) elaborado pola arquitecta técnica municipal, de data 14 de outubro de 2022.

Consta a providencia, de data 21 de outubro de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias propias dos concellos en materia de equipamentos da súa titularidade, de acordo co art. 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000016, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de “Mellora e reparación dun tramo da Rúa Luís Seoane, para tráfico compartido” e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: yEOns7XJJngPRgjUjwhv), cun orzamento de execución por contrata de 5.279,00€ sen IVE, 6.387,59 € (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 6.387,59 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532 21000.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.



Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, e á arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López, integrantes da unidade técnica de asistencia prevista no cláusula 15.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada Lei.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de outubro de 2022 (CVD: HdRKJXGFjxP6WRbJWV/x), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo